Contidos
<p>Sistemas de autodiagnose.</p> <p>Circuitos de iluminación, sinalización e acústicos: procesos de mantemento.</p> <p>Circuitos de información e control, computador de abordo, cadro de instrumentos, etc.: mantemento; borrado e actualización de intervalos de mantemento.</p> <p>Circuitos eléctricos de axuda á condución, limpaparabrisas, limpafaros, cristais térmicos, pechamento, espellos, pechamento centralizado, teito solar, control de velocidade, etc.: mantemento e axuste de parámetros.</p> <p>Interpretación de documentación técnica.</p> <p>Determinación de consumos.</p> <p>Procesos de montaxe.</p> <p>Riscos inherentes ao taller de electromecánica.</p> <p>Medios de prevención.</p> <p>Prevención e protección colectiva.</p> <p>Equipamentos de protección individual.</p> <p>Sinalización e seguridade no taller: fichas de seguridade.</p> <p>Xestión ambiental: almacenamento e retirada de residuos.</p>

**4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividade (título e descrición)						

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Estudo dos sistemas auxiliares electromecánicos - Fundamento dos sistemas auxiliares, limpiaparabrisas, elevelunas, peches centralizados	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar o funcionamento dos sistemas electromecánicos, realizando montaxe en maqueta e sobre o vehículo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Relización de casos teóricos prácticos, montaxe e verificación, sobre o vehículo e a maqueta</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Montaxe, mantemento e verificación do sistemas electromecánicos do vehículo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntamentos, ordenador, canon presentacións, libro de texto Editex, internet, útiles ferramentas, medios de protección, maquetas, vehículo, aula taller, etc</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - documentación técnica</li> <li>PE.2 - unidades de xestión electrónica</li> <li>PE.3 - vehículo</li> <li>TO.1 - sistema ou elemento</li> <li>TO.2 - equipamento</li> <li>TO.3 - compoñentes e as súas anomalías</li> <li>TO.4 - medidas e asignóuselles a aproximación adecuada, segundo a precisión do instrumento ou equipamento.</li> <li>TO.5 - unidades de xestión electrónica</li> <li>TO.6 - elementos para substituír ou reparar</li> <li>TO.7 - actividades realizadas no taller</li> <li>TO.8 - medios, ferramentas e os utensilios específicos</li> <li>TO.9 - sistemas electrónicos auxiliares</li> <li>TO.10 - sistemas electrónicos auxiliares</li> <li>TO.11 - elementos mecánicos, eléctricos, electromagnéticos, electrónicos ou ópticos, seguindo as especificacións técnicas.</li> <li>TO.12 - unidades de control electrónico</li> <li>TO.13 - vehículo</li> <li>TO.14 - vehículo</li> <li>TO.15 - todas as actividades no taller</li> <li>TO.16 - documentación técnica e normativa</li> <li>TO.17 - materiais necesarios para efectuar a montaxe</li> <li>TO.18 - vehículo</li> <li>TO.19 - vehículo</li> </ul>	40,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> <li>• TO.20 - vehiculo</li> <li>• TO.21 - vehiculo</li> <li>• TO.22 - todas as actividades no taller</li> <li>• TO.23 - todas as actividades no taller</li> <li>• TO.24 - todas as actividades no taller</li> <li>• TO.25 - todas as actividades no taller</li> <li>• TO.26 - todas as actividades no taller</li> <li>• TO.27 - todas as actividades no taller</li> <li>• TO.28 - todas as actividades no taller</li> </ul>	
<b>TOTAL</b>						<b>40,0</b>

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para conquistar a superación do módulo haberá que ter superados uns contidos mínimos que se pasan a mencionar.

### LISTA DE CRTERIOS MINIMOS UD 1 (Unidades básicas de electricidade e Esquemas eléctricos)

- Identifica os elementos dos circuítos eléctricos auxiliares e a súa situación no vehículo
- Interpreta os esquemas dos circuítos eléctricos e recoñece a súa funcionalidade e os seus elementos.
- Representa esquemas dos sistemas de iluminación, manobra, control, sinalización e outros sistemas auxiliares, aplicando a simboloxía específica.

### LISTA DE CRTERIOS MINIMOS UD 2 (Electrónica dixital e sistemas de control electrónico)

- Recoñece a funcionalidade e a constitución dos elementos e dos conxuntos que compoñen a rede multiplexada do vehículo e describe o seu funcionamento.
- Coñece o funcionamento dos sistemas multiplexados do vehículo.
- Describe a constitución do sistema de comunicación multiplexado e os equipos electromecánicos e explica o funcionamento do mesmo e dos seus compoñentes.

### LISTA DE CRTERIOS MINIMOS UD 3 (Redes de comunicación multiplexadas e diagnose)

- Coñece a composición e o funcionamento dos sistemas de comunicación multiplexados
- Interpreta diagramas de bloques e diagnostica as avarias propias do sistema.
- Realizar o proceso e procura de avarias nos sistemas de datos.
- Describe e analiza os sistemas e os elementos que constitúen redes multiplexadas.
- Comproba repara e substitúe dos elementos que compoñen os sistemas de multiplexados.
- Identifica os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais e ferramentas
- Coñece e aplica as medidas de seguridade e de protección correctamente

### LISTA DE CRTERIOS MINIMOS UD 4 (Sistemas de alumado e sinalización)

- Describe e analiza os sistemas e os elementos que constitúen sistemas de alumado e sinalización.
- Realiza o proceso de traballo en canto a desmontaxe, verificación e montaxe.
- Realiza o proceso e procura de avarias nos sistemas.
- Realiza un seguimento dos esquemas eléctricos.
- Interpreta parámetros de funcionamento.
- Representa esquemas dos sistemas de alumado e sinalización
- Comproba repara e substitúe dos elementos que compoñen os sistemas de alumado e sinalización.
- Identifica os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais e ferramentas
- Coñece e aplica as medidas de seguridade e de protección correctamente
- Valora a orde e limpeza das instalacións como prevención de riscos
- Cumpre normativa de prevención riscos laborais e protección ambiental

### LISTA DE CRTERIOS MINIMOS UD 5 (Sistemas de sinalización acústica)

- Describe e analiza os sistemas e os elementos que constitúen sistemas de sinalización óptica e acústica
- Realizar o proceso de traballo en canto a desmontaxe, verificación e montaxe.
- Realizar o proceso e procura de avarias nos sistemas.
- Realiza un seguimento dos esquemas eléctricos.
- Interpreta parámetros de funcionamento.

- Representa esquemas dos sistemas de alumado e sinalización
- Comprobación reparación e substitución dos elementos que compoñen os sistemas sinalización acústica.
- Identifica os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais e ferramentas
- Coñece e aplica as medidas de seguridade e de protección correctamente
- Valora a orde e limpeza das instalacións como prevención de riscos
- Cumpre normativa de prevención riscos laborais e protección ambiental

#### LISTA DE CRTERIOS MINIMOS UD 6 (Circuitos auxiliares)

- Describe e analiza os sistemas e os elementos que os constitúen os sistemas: limpa-lava parabrisas, elevallunas, circuitos de cuadro,
- Realizar o proceso de traballo en canto a desmontaxe, verificación e montaxe.
- Realizar o proceso e procura de avarias nos sistemas. Seguimento dos esquemas eléctricos.
- Realiza un seguimento dos esquemas eléctricos.
- Interpreta parámetros de funcionamento.
- Representa esquemas electricos dos sistemas de alumado e sinalización
- Comprobación reparación e substitución dos elementos que compoñen os equipos electromecánicos auxiliares.
- Identifica os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais e ferramentas
- Coñece e aplica as medidas de seguridade e de protección correctamente
- Valora a orde e limpeza das instalacións como prevención de riscos
- Cumpre normativa de prevención riscos laborais e protección ambiental

Os criterios de cualificación: Sobre un total de 10 puntos.

Cada unidade didáctica avaliarase do seguinte xeito:

En canto os contidos conceptuais, farase un exame teórico que poderá ser tipo test, con preguntas cortas, interpretación de esquemas e calculo de exercicios ou combinación de varios, con un peso do 50%, realizarase no classrrom, na aula virtual do módulo ou ben por escrito.

No caso de ser tipo test será:

- Con resposta múltiple
- Secuencial
- Cada dúas preguntas mal respostadas descuentan unha ben
- Todas as preguntas valen o mesmo.
- Con tempo limitado, aproximadamente 1 minuto por pregunta.
- O número de preguntas pode ser variable

En canto os contidos procedimentais, farase examen práctico con un peso do 40% e prácticas no taller con entrega de fichas das mesmas a través da aula virtual ou en papel.

O exame práctico terá un tempo asignado e é indispensable que o alumno empregue todos os epis e ferramenta de unha maneira axeitada, se non fose así, daríase por non superado o exame con unha nota de un 0.

Nos contidos actitudinais que teñen un peso do 10%:

- Valorarase un 5% mediante rúbrica diaria a orde e a limpeza do entorno de traballo, o coidado do material, o respecto, a forma de realización e o bo comportamento de traballo en equipo.
- Valorarase un 5% mediante rúbrica diaria o traballo diario mediante a entrega de un diario de clase.

Rúbrica do contido procedimental:

Na resolución individual e ou en grupo de supostos prácticos relacionados cos contidos valorarase:

- Aplicación de coñecementos teóricos
- Seguimento do proceso de traballo seguindo odren lóxico de operacións
- Destreza para a realización das mesmas.

- Precisión para efectuar as diferentes medidas.
- Tempo empregado na realización do/s suposto/s práctico/s.
- Verificación das fichas de traballo encomendadas.
- Emprego correcto da documentación técnica.
- Autonomía e integración no grupo
- Emprego axeitado de ferramenta ou útil específico
- Cumprimento das normas de seguridade e protección ambiental.

#### CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

Para superar cada avaliación o alumno debe ter un mínimo do 50 % no exame de contido teóricos, no examen práctico e nos contidos actitudinais.

Para o cálculo da nota final do curso é necesario que ningunha unidade didáctica teña nota inferior a 4 puntos sobre 10.

Poderanse facer por cada avaliación máis dun examen teórico como práctico sendo a nota resultante a media dos dous.

"Quen incumpra o desenvolvemento dos exames ou probas prácticas, nos que está prohibido copiar, falsear datos, enviar ou recibir información por calquer medio, quedará automaticamente anulado o seu examen ou proba práctica. Repetirase, con enunciados e planteamentos totalmente distintos na próxima clase da materia."

Dado que a cualificación pasada ó boletín de notas debe ser redondeada sin decimais, o redondeo farase sempre matematicamente ó final de todos os procesos aquí explicados. É dicir, que se arrastrará un decimal en cada tipo de nota para facer a media da avaliación. Unha vez feita a media, aplicarase truncamento, eliminando o decimal e a nota resultante será a da avaliación.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

- O alumno para superalo módulo deberá aprobar cada unha das unidades de traballo, en caso contrario deberá recuperar as unidades correspondentes mediante a superación dunha proba escrita, se os fallos son conceptuais, sendo necesario repetir determinados exercicios na aula taller, se a deficiencia mostrada polo alumno é de procedemento e destreza nas operacións.
- As recuperacións faranse o remate de cada avaliación.
- Os alumnos que necesiten recuperar algunhas das unidades de traballo desenvolvidas, recibirán un apoio esencial teórico-práctico antes de ser definitivamente avaliados.
- Os alumno/as pendentes da realización da FCT por ter o módulo suspenso, durante ese mesmo tempo, poderán realizar actividades de recuperación de dito módulo, sempre que non perderan o dereito a avaliación continua. Para isto deberán adecuarse ós horarios do profesor correspondente, de forma que se organicen as unidades didácticas necesarias para ser recuperadas por estes alumno/as. O alumno/a deberá asistir a clase seguindo o novo horario creado e superar finalmente ditas actividades para facer a FCT na seguinte convocatoria.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que teñan perdido o dereito a avaliación continua, (o 10 % das horas de cada módulo), someteranse a unhas probas extraordinarias no mes de xuño. A data da proba porase no taboleiro de anuncios do departamento, con unha antelación mínima de 15 días naturais. Garantirase sempre unha proba escrita que avalíe, por un lado os contidos conceptuais e por outro, os Procedimentais. Desta maneira temos dúas probas:

Unha proba escrita con tres apartados.

Un cuestionario tipo test ou de preguntas curtas.

Un cuestionario no que terá que desenrollar preguntas.

Esquemas nos que terá que detectar fallos ou anomalías para o seu correcto funcionamento.

Unha proba práctica que pode consistir en :

Identificar compoñentes do sistema en maquetas ou vehículos

Detectar posibles avarías en maquetas ou vehículos

Utilización de equipos de control e diagnose en maquetas ou vehículos

Seguimento de esquemas eléctricos dos sistemas

Para obter unha cualificación apta como mínimo debense ter as dúas partes superadas: contido conceptual e contido procedimental.

Para poder realizar a proba de procedementos terá que obter unha nota mínima de 5 puntos no de conceptos,

Tendo unha nota mínima no apartado de 5 puntos no apartado de conceptos e procedementais para obter a nota final.

Os contidos conceptuais valoraranse cunha porcentaxe do 40% e os procedementais cun 60%, dando a nota resultante para a avaliación dos alumnos.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Dentro da primeira semana do curso o profesorado do departamento informara ao alumnado dos aspectos máis importantes da programación. Esta información incluíra os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, mínimos esixibles para obter unha valoración positiva, os criterios de cualificación e os procedementos de avaliación que se van utilizar.

-O departamento fará público na web do centro a programación didáctica e os contidos mínimos.

-Esta programación e contidos mínimos estarán a disposición de quen a queira consultar no departamento.

-Comprende a avaliación da programación e da actuación do profesor. Implica un proceso de reflexión para valorar, en función dos logros alcanzados, a idoneidade da programación e do sistema de ensino, co fin de introducir melloras no proceso.

-Ao finalizar cada mes realizaremos unha avaliación da programación onde se analizarán os resultados obtidos, a selección dos contidos, a secuenciación, a temporalización, a adecuación entre os criterios de avaliación e os instrumentos utilizados, as medidas de atención aos alumnos con necesidade específica de apoio educativo e o clima da clase.

-O final do curso o profesorado completará un formulario por cada módulo que impartiu no que se recollerán os seguintes aspectos:

-Porcentaxe dos contidos traballados, xustificación dos que non se puideron completar.

-Porcentaxe do alumnado que supera o módulo e de aqueles que non acadaron os obxectivos mínimos.

-Actividades complementarias e extraescolares realizadas.

-Acordos cara o curso vindeiro.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

-Faise unha avaliación inicial co obxecto de determinar o grado ou nivel de preparación dos alumnos e poder adecuar os contidos os seus coñecementos.

-Utilízase para valorar habilidades, destrezas, actitudes, coñecementos e dificultades que teñen os alumnos ao comezar o curso. Coñecida a situación de partida dos alumnos o proceso de avaliación valorará principalmente o progreso do alumno

-Como instrumento de avaliación, empregarase a observación directa, durante a primeira semana do curso, con debates e formulación de preguntas. Mediante a observación sistemática da actividade e comportamento do alumno/a recolleranse o maior número posible de datos.



Realizarase unha proba escrita de temas relacionados cos módulos e de coñecementos xerais.

Deste xeito teremos unha información inicial moi valiosa para posteriores formacións de grupos de traballo, atención especial a alumnos que mostran ter algún tipo de carencia etc..

En calquera caso a avaliación inicial non terá un valor de cualificación senón que terá un valor unicamente informativo e sempre de carácter reservado.

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No apartado práctico, terase en conta a diversidade de aprendizaxe dos alumnos particularizando o aprendizaxe na situación que o requira e adoptando diversas metodoloxías de aprendizaxe así como actividades contextualizadas e variadas.

Actividades de reforzo.

- Creación de prácticas con actividades adecuadas a progresión da aprendizaxe.
- Explicacións e prácticas de reforzo individuais.
- Diferentes actividades que atendan á diversidade na actitude e adquisición de coñecementos do alumnado

Actividades de ampliación para alumnos mais avantaxados.

Conforme á lexislación vixente, dende o departamento de orientación enviouse un dossier para atención a ACNEAE, protocolos de atención específicos...

Dado o tamaño do arquivo, non se inclúe neste apartado pero a xefatura de departamento didáctico de AUTOMOCIÓN ten copia, e na reunión cos demais membros, darase información e difusión do mesmo.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

O profesor ademais de instrutor e transmisor de coñecementos técnicos, é educador e debe colaborar na formación integral do alumno. Debe polo tanto proporcionar unha información máis completa indo máis alá dos contidos propios do módulo, introducindo en cada unidade un conxunto de coñecementos transversais en paralelo cos de tipo técnico. Os posibles temas transversais son:

#### 1. NO ÁMBITO PROFESIONAL.

- Fomento do traballo en equipo: Cada día máis no ámbito profesional necesítanse equipos que dende unha especialización profesional individual se afronten en equipo aqueles aspectos interdisciplinarios. Para promover estas actitudes crearanse equipos de traballo para realizar as prácticas de obradoiro. Os equipos de traballo integranse por aqueles alumnos que presenten unha maior diferenza tanto en coñecementos previos como en habilidades favorecendo un auténtico aprendizaxe cooperativo.
- Orgullo profesional polo traballo ben feito: Fomentárase no alumnado o orgullo profesional polo traballo ben feito, facéndolle comprender o alumno a importancia deste, tanto para o bon funcionamento da sociedade e da economía como para unha promoción persoal. Desterro das malas prácticas
- Seguridade e saúde laboral: Promoverase o máximo rigor en temas de seguridade, esixindo a utilización dos EPIS. Desterrando prácticas inseguras. Sobre todo facéndolles entender aos alumnos que os máis prexudicados cando se produce un accidente son os traballadores.
- Responsabilidade: O mantemento e reparación de vehículos implica unha dose importante de responsabilidade pois implica o mantemento de sistemas de seguridade no vehículo. Formárase o alumno facendo fincapé nestes aspectos ate conseguir un sentimento de responsabilidade no traballo.
- Orde e limpeza: O orde e a limpeza non é sómente unha fórmula eficaz de prevención de riscos laborais, tamén e un valor en si mesmo que

potencia a produtividade e o benestar no traballo.

- Mantemento de equipos e instalacións: Faráselle entender o alumno que o material e as instalacións son para uso e disfrute non so del, se non tamén dos futuros alumnos e que o seu respecto e conservación é absolutamente necesario. Formando desta maneira para unha futura practica profesional axeitada. O alumno debe comprender o vantaxoso de ter un equipo debidamente conservado.

## 2. NO ÁMBITO GLOBAL

- Educación moral e cívica: fomento de actitudes de respecto cara os demais, fomento de actividades de traballo en equipo. Trabállase tamén na valoración e conservación dos equipos, materiais e instalacións do centro coas que se traballa.

- Educación para a paz: buscarase favorecer a colaboración entre os alumnos, o respecto polas opinións, ideas, solucións e modos de traballos distintos ós propios.

- Educación para a igualdade entre os sexos: fomentarse o trato non discriminatorio, particularmente nas actividades desenvolvidas no taller, evitando perpetuar a idea tradicional da existencia de roles de traballo e profesións exclusivamente masculinos. Promoverase a análise crítica de certos estereotipos que ubican á muller no mundo do automóbil coma un suxeito meramente publicitario. Evitarase o uso de lingua-xe sexista e inculcaranse valores que produzan un cambio en actitudes a partir da colaboración entre sexos nos grupos de traballo

- Educación ambiental: nesta materia o tema trátase, non tanto como un contido transversal, senón incluído explicitamente na programación, na meirande parte das unidades de traballo, de xeito que comprenda a interrelación entre as actividades propias do módulo e as súas repercusión sobre o medio ambiente.

- Educación para a saúde: deberase asumir como integrante de todos os contidos do módulo, e posto que as actividades a desenvolver, son unha fonte de riscos importantes, deberase fomentar o coñecemento dos mesmos, así coma dos hábitos e medidas de precaución e seguridade, tanto persoais como de uso, para evitar danos derivados das mesmas

- Educación do consumidor: aínda que non se trate explicitamente en ningunha unidade débese procurar ó alumnado instrumentos de coñecementos, análise e crítica que o capaciten para adoptar unha actitude responsable ante ofertas de diferentes tipos (especialmente na propaganda de vehículos) tendo en conta as consecuencias persoais e sociais que implica o consumo irresponsable

- Educación vial: promoverse o análise crítico de certas actitudes e comportamentos que contraveñen as normas de circulación (excesos de velocidade, relación alcohol-condución, etc), poñendo en perigo a integridade persoal e allea. Buscarase tratar o tema implicitamente en todas as unidades de traballo

Todos estes temas de carácter transversal estarán presentes na aula-taller en todo momento e en cada unha das U.D.

## 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

-Sempre que o caso requira, e de acordo co alumno/a, daráselle traballo para realizar fora do horario escolar.

-Programaranse saídas a talleres, fábricas, exposicións, charlas, etc

## 10.Outros apartados

### 10.1) Información sobre a programación

Ao comezo do curso informaráselles aos alumnos sobre o desenrolo da programación, temporalización, criterios de avaliación e cualificación. Os alumnos terán acceso ás programacións a través da páxina web do centro onde poderán consultalas para que poidan preguntar calquera dúbida que lle será aclarada polo profesor do módulo que lle corresponda.

**10.2) Material módulo**

Libro de texto: Circuitos eléctricos auxiliares do vehículo da editorial Editex, multímetro dixital, funda de cor azul e botas /zapatos de seguridade.

**10.3) Revisión do desenvolvemento da addenda**

A revisión desta addenda realizarase na primeira xuntanza de CCP de segundo trimestre e segundo a seu resultado procederase a súa actualización.

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	Laxeiro	Lalín	2023/2024

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0458	Sistemas de seguridade e confortabilidade	2023/2024	9	157	188
MP0458_13	Confortabilidade no habitáculo	2023/2024	9	80	96
MP0458_23	Sistemas audiovisuais, de comunicación e de confort	2023/2024	9	32	38
MP0458_33	Seguridade pasiva	2023/2024	9	45	54

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	RAFAEL CORNADO CASTRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Atribúe como finalidade á formación profesional, no ámbito do sistema educativo, a preparación dos alumnos para a actividade nun campo profesional e a súa capacitación para o desempeño cualificado das distintas profesións proporcionándolles unha formación polivalente que lles permita adaptarse ás modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida.

Tamén prevé o acceso ao ciclo formativo de formación profesional de persoas que procedan do mundo laboral, tras a superación dunha proba de acceso.

Este título foi deseñado baseándose na realidade do sector e nas súas necesidades de formación. A finalidade deste é conseguir nos alumnos as capacidades que responden ao perfil profesional definido, e por conseguinte, permítanlles integrarse no mundo laboral da súa profesión.

O obxectivo do título de técnico é capacitar os alumnos para que sexan capaces da execución das operacións de mantemento na área de electromecánica e a súa loxística no sector de automoción, diagnosticando avarías en casos e garantindo o cumprimento das especificacións establecidas pola normativa e polo fabricante do vehículo..

### OBXETIVOS XERAIS DO MÓDULO DE SISTEMAS DE SEGURIDADE E CONFORTABILIDADE:

- Interpretar a información e, en xeral, toda a linguaxe simbólica asociada ás operacións de mantemento e reparación na área de electromecánica, para seleccionar proceso de reparación.
- Seleccionar as máquinas, os utensilios, as ferramentas e os medios de seguridade necesarios para efectuar os procesos de mantemento na área de electromecánica.
- Manexar instrumentos e equipamentos de medida e control, e explicar o seu funcionamento, conectándoos adecuadamente para localizar avarías.
- Analizar a información subministrada polos equipamentos de diagnose e comparala coas especificacións dadas por fábrica, para determinar o proceso de mantemento e reparación.
- Aplicar as leis máis salientables da electricidade no cálculo e na definición de circuitos eléctricoelectrónicos de vehículos, para proceder á súa reparación e á súa montaxe.
- Relacionar os elementos que constitúen os trens de rodaxe, os freos, a dirección e a suspensión coa súa función no conxunto, para efectuar o seu mantemento e a súa reparación.
- Aplicar as técnicas e os métodos de operación pertinentes na desmontaxe, na montaxe e na substitución de elementos mecánicos, pneumáticos, hidráulicos e eléctricoelectrónicos dos sistemas do vehículo para proceder ao seu mantemento e á súa reparación.
- Analizar o funcionamento das centrais electrónicas e a información que subministran, así como efectuar a recarga e a extracción de datos, e resetealas, para obter información necesaria no mantemento.
- Realizar medidas e comparar os resultados cos valores dos parámetros de referencia, para verificar os resultados das súas intervencións.
- Analizar e describir os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, e sinalar as accións que cumpra realizar nos casos definidos, consorte as normas estandarizadas.
- Recoñecer e valorar continxencias, determinar as súas causas e describir as accións correctoras para resolver as incidencias asociadas á propia actividade profesional.

### COMPETENCIAS PROFESIONALES:

- Seleccionar os procesos de reparación interpretando a información técnica incluída en manuais e catálogos.
- Localizar avarías nos sistemas mecánicos, hidráulicos, pneumáticos, eléctricos e electrónicos do vehículo, utilizando os instrumentos e os equipamentos de diagnóstico pertinentes.
- Reparar conxuntos, subconxuntos e elementos dos sistemas eléctricos e electrónicos do vehículo, utilizando as técnicas de reparación prescritas polos fabricantes.
- Verificar os resultados das súas intervencións en comparación cos estándares de calidade establecidos.



-Aplicar procedementos de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, de acordo co establecido pola normativa.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				Resultados de aprendizaxe				Resultados de aprendizaxe				
					MP0458_13				MP0458_23				MP0458_23				
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA1	RA2	RA3	RA4	RA1	RA2	RA3	RA4	
1	Ventilación, calefacción e aire acondicionado no vehículo	Coñecer os distintos tipos de bloque de calefacción , así como os paneis de mandos de control e as avarías e comprobación. Misión do A/C, obxectivos, conceptos, fases de produción de frío, ciclo de funcionamento, estación de carga, evolución dos sistemas así como os compoñentes, avarías e comprobacións. Coñecer, respetar as normas de seguridade persoal e protección ambiental que hai que manter ó traballar cos fluídos refrixerantes empregados nos sistemas de AC. Diferencias co A/C, coñecer os compoñentes, climatización dobre ou bizona, facer unha diagnose do sistema . Tecnoloxías alternativas para reducir o uso de GF de efecto invernadoiro e a forma segura de manipularlos.	96	40	X	X	X	X									
2	Sistemas audiovisuais, de comunicación e de confort	Fontes de son , altavoces, amplificadores e filtros, elementos de conexión, sistemas multimedia. Tipos e coidados coas regras xerais perante a montaxe, amplificadores filtros e cables coas comprobacións finaisEstudiar os distintos tipos o seu funcionamento, instalación , diagnose e avarías o inmovilizador, ordenador da bordo, o regulador de velocidade, sistemas de navegación con GPS, asentos e espellos eléctricos e as avarías	38	30					X	X	X	X					
3	Seguridade pasiva	Sistemas de seguridade pasiva no vehículo, Airbags, cintos, pretensores, funcionamento, medidas de seguridade durante as intervencións, desmontaxe e montaxe,diagnose e comprobacións. Cristais e lúas, tipos, desmontaxe e montaxe.	54	30									X	X	X	X	X
Total:			188														

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Ventilación, calefacción e aire acondicionado no vehículo	96

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza a funcionalidade e a constitución dos elementos que conforman os sistemas de confortabilidade, e describe a súa función no conxunto ao que pertence.	SI
RA2 - Localiza avarías nos sistemas de confortabilidade, tendo en conta a relación entre os síntomas, os efectos e as súas causas.	SI
RA3 - Realiza o mantemento dos sistemas de control da temperatura do habitáculo, así como os sistemas que favorecen a visibilidade exterior, para o que analiza e aplica procesos de traballo establecidos.	SI
RA4 - Aplica as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	SI

##### 4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer o funcionamento dos sistemas de calefacción e ventilación do vehículo. Realizar correctamente o proceso de desmontaxe, verificación dos elementos e a montaxe dos sistemas. Verificar os sistemas en conxunto e diagnosticar as avarías a través dos síntomas que se presentan.	1	Ventilación calefacción	20,0
2.1 Coñecer os equipos de aire acondicionado e climatizadores que se empregan nos vehículos. Realizar as operacións de mantemento destes sistemas. Diagnosticar avarías a través das comprobacións pertinentes nos sistemas. Cumprir as normas de seguridade e hixiene no traballo.	2	Aire acondicionado e climatización	76,0
<b>TOTAL</b>			<b>96</b>

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse os elementos que compoñen os sistemas de confortabilidade.	● PE.1 - elementos que compoñen os sistemas de confortabilidade.	S	3
CA1.2 Identifícase o funcionamento dos sistemas de confortabilidade segundo as súas características.	● PE.2 - funcionamento dos sistemas de confortabilidade	S	3
CA1.3 Relacionouse o uso dos fluídos utilizados nos sistemas de aire acondicionado e climatización coas súas propiedades.	● PE.3 - fluídos utilizados nos sistemas de aire acondicionado e climatización	S	3
CA1.4 Selecciónáronse as normas de uso dos fluídos de aire acondicionado e climatización.	● LC.1 - normas de uso dos fluídos de aire acondicionado e climatización.	S	2
CA1.5 Relacionáronse os parámetros de funcionamento cos sistemas.	● PE.4 - parámetros de funcionamento cos sistemas.	S	3
CA1.6 Describiuse o procedemento que cumpra utilizar na recarga de datos e parámetros de funcionamento das centrais electrónicas.	● PE.5 - procedemento que cumpra utilizar na recarga de datos e parámetros de	S	3
CA1.7 Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais e de prevención ambiental, e identifícanse os riscos asociados, así como os equipos e medidas e os equipamentos para os previr	● LC.2 - normas de prevención de riscos laborais e de prevención ambiental, e identifícanse os riscos asociados, así como os equipos e medidas e os equipamentos para os previr	S	2
CA2.1 Identifícase o elemento ou o sistema que presente a disfunción.	● TO.1 - elemento ou o sistema que presente a disfunción.	S	3
CA2.2 Realízase un diagrama do proceso de diagnóstico da avaría.	● LC.3 - diagrama do proceso de diagnóstico da avaría.	S	3



Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.3 Seleccionouse a documentación técnica, e relacionouse a simboloxía e os esquemas cos sistemas e os elementos que cumpra manter.	● LC.4 - documentación técnica	S	3
CA2.4 Seleccionouse o equipamento de medida ou control, e efectuouse a posta en servizo do aparello.	● LC.5 - equipamento de medida ou control, e posta en servizo	S	3
CA2.5 Efectuouse a conexión do equipamento nos puntos de medida correctos, para o que se realizou a toma de parámetros necesarios.	● LC.6 - conexión do equipamento	S	3
CA2.6 Extraeuse a información das unidades de xestión electrónica.	● LC.7 - Extracción da información das unidades de control	S	3
CA2.7 Comparáronse os valores obtidos nas comprobacións cos estipulados, e determinouse o elemento que cumpra substituír ou reparar.	● LC.8 - Valores obtidos nas comprobacións e elemento que compre substituír ou reparar	S	3
CA2.8 Comprobouse que non existan ruidos anómalos, tomas de aire nin perdas de fluído.	● LC.9 - comprobación de ruidos, tomas de aire e erdas de fluído	S	3
CA2.9 Determináronse as causas da avaría.	● LC.10 - Planificación das actividades	S	3
CA2.10 Planificouse de xeito metódico a realización das actividades en previsión de posibles dificultades.	● LC.11 - planificación e realización das actividades	S	3
CA2.11 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.	● LC.12 - Actitude na realización das actividades	S	3
CA3.1 Interpretáronse na documentación técnica os parámetros dos sistemas de calefacción, aire acondicionado e climatización.	● PE.6 - interpretación da documentación técnica	S	3
CA3.2 Realizouse un esquema de secuencia lóxica das operacións que haxa que realizar.	● LC.13 - Secuencia lóxica das operacións	S	3
CA3.3 Desmontáronse e montáronse compoñentes dos sistemas de calefacción, aire acondicionado e climatización.	● LC.14 - Operacións de desmontaxe e montaxe	S	3
CA3.4 Reguláronse os parámetros de funcionamento destes sistemas.	● LC.15 - Regulación dos parámetros de funcionamento dos sistemas	S	3
CA3.5 Determinouse a cantidade de refrixerante e lubricante necesaria para recargar o circuito.	● LC.16 - cantidade de refrixerante e lubricante necesaria para recargar o circuito.	S	3
CA3.6 Realizouse a recuperación e a recarga do fluído refrixerante utilizando a estación de carga.	● LC.17 - recuperación e a recarga do fluído refrixerante utilizando a estación de carga.	S	3
CA3.7 Engadiuse colorante na recarga de fluído refrixerante ou utilizouse calquera outro sistema para detectar fugas.	● LC.18 - Carga do circuito de aire acondicionado	S	3
CA3.8 Verificáronse as presións de traballo, a temperatura e a velocidade de saída do aire.	● LC.19 - Parámetros de funcionamento do aire acondicionado	S	3
CA3.9 Verificouse a posible existencia de sistemas que poidan interactuar na temperatura do habitáculo, como intercambiadores eléctricos, sistemas de calefacción adicional, volantes e asentos calefactables, etc.	● LC.20 - existencia de sistemas que poidan interactuar na temperatura do habitáculo	S	3
CA3.10 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.	● LC.21 - Aactitude na realización das actividades	S	3
CA4.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios e máquinas da área de electromecánica dun taller.	● PE.7 - riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios e máquinas da área de electromecánica dun taller.	S	3
CA4.2 Descríbense as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar na execución das operacións da área de electromecánica.	● PE.8 - medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar na execución das operacións da área de electromecánica.	S	3
CA4.3 Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación dos materiais, as ferramentas, as máquinas e os equipamentos de traballo empregados nos procesos de electromecánica do vehículo.	● PE.9 - causas máis frecuentes de accidentes na manipulación dos materiais, as ferramentas, as máquinas e os equipamentos de traballo empregados nos procesos de electromecánica do vehículo.	S	3
CA4.4 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.	● TO.2 - orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.	S	3
CA4.5 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.	● LC.22 - residuos xerados para a súa retirada selectiva.	S	3

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.6 Cumpríuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.23 - normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.</li> </ul>	S	3
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

#### 4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Aplicacar as normas de prevención de riscos laborais e de prevención ambiental, e identifica os riscos asociados, así como os equipos e medidas e os equipamentos para os previr</p> <p>Identificación e localización dos elementos dos sistemas.</p> <p>Características e funcionamento dos sistemas de confortabilidade.</p> <p>Gases utilizados en aire acondicionado e climatización.</p> <p>Esquemas de instalación dos sistemas.</p> <p>Parámetros de funcionamento.</p> <p>Interpretación de documentación técnica.</p> <p>Equipamentos e medios de medición, control e diagnose.</p> <p>Técnicas de recollida de datos e información.</p> <p>Interpretación de parámetros.</p> <p>Localización de avarías a partir da toma de parámetros.</p> <p>Plan de actuación de resolución de problemas.</p> <p>Interpretación da documentación técnica e parámetros.</p> <p>Equipamentos, ferramentas e utensilios.</p> <p>Procesos de desmontaxe e montaxe de compoñentes dos sistemas de calefacción, aire acondicionado e climatización nas súas variantes: calefacción adicional, radiadores eléctricos, sistemas bizona, etc.</p> <p>Mantemento de compoñentes.</p> <p>Verificación de presións e temperaturas.</p> <p>Estación de carga e recuperación do fluído refrixerante.</p> <p>Normas de uso en equipamentos.</p> <p>Riscos inherentes aos procesos e ao manexo de equipamentos e máquinas.</p> <p>Prevención e protección colectiva.</p> <p>Equipamentos de protección individual.</p> <p>Sinalización e seguridade no taller: fichas de seguridade.</p> <p>Xestión ambiental: almacenamento e retirada de residuos.</p>

#### 4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Ventilación calefacción - Sistemas de calefacción, Mantemento e verificación dos sistemas de ventilación e calefacción	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicacións teóricas. Visualización vídeos Aclaración de dúbidas Presentación dun caso práctico</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Toma de apuntes. Resolución caso práctico. Realización dun traballo en equipo. Realización dunha memoria individual. Realización práctica de desmontaxes, montaxe e axuste nos diferentes compoñentes do sistema, utilizando as ferramentas xerais e específicas necesarias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Substitúe, diagnóstica, interpreta as especificacións e parámetros e repara elementos dos sistemas de ventilación e calefacción, para o seu desmontaxe e montaxe. Seguimento de esquemas eléctricos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apuntamentos, ordenador, canón, presentacións, libro de texto Editex, internet, útiles e ferramentas, medios de protección, maquetas, vehículos, aula, taller, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.2 - normas de prevención de riscos laborais e de prevención ambiental, e identifica os riscos asociados, así como os equipos e medidas e os equipamentos para os previr</li> <li>• LC.3 - diagrama do proceso de diagnóstico da avaría.</li> <li>• LC.4 - documentación técnica</li> <li>• LC.5 - equipamento de medida ou control, e posta en servizo</li> <li>• LC.6 - conexión do equipamento</li> <li>• LC.7 - Extracción da información das unidades de control</li> <li>• LC.8 - Valores obtidos nas comprobacións e elemento que compre substituír ou reparar</li> <li>• LC.9 - comprobación de ruidos, tomas de aire e erdas de fluído</li> <li>• LC.10 - Planificación das actividades</li> <li>• LC.11 - planificación e realización das actividades</li> <li>• LC.12 - Actitude na realización das actividades</li> <li>• LC.13 - Secuencia lóxica das operacións</li> <li>• LC.14 - Operacións de desmontaxe e montaxe</li> <li>• LC.15 - Regulación dos parámetros de funcionamento dos sistemas</li> <li>• LC.20 - existencia de sistemas que poidan interactuar na temperatura do habitáculo</li> <li>• LC.21 - Actitude na realización das actividades</li> <li>• LC.22 - residuos xerados para a súa retirada selectiva.</li> <li>• LC.23 - normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.</li> </ul>	20,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
